

XACINTO ARGAYA GOICOECHEA,
Diario del Concilio, San Sebastián,
Publicacións ídatz, 2008

Segundo L. Pérez López


1. D. Xacinto Argaya, un bispo rosendiano

Queremos facer unha breve glosa ou recensión ampla acerca da obra de Mons. Argaya, publicada postumamente, sobre o diario acerca da súa participación no Concilio Vaticano II. Facémolo así xa que D. Xacinto foi un bispo rosendiano no amplo sentido da palabra. Que sirva, pois, de homenaxe a quen se sentiu fiel sucesor de san Rosendo na sede mindoniense-ferrolá.

Desde a súa chegada á diocese de Mondoñedo-Ferrol mostrou un gran interese por estudar a figura de san Rosendo, tal como vemos na publicación das bulas de canonización no Boletín da Diocese¹, documentos que o P. Antonio García, natural de Bretoña, atopara en New York². Así mesmo foi un gran impulsor da devoción a san Rosendo entre os seus diocesanos.

Intentou crear unha nova relación da Diocese Mindoniense con San Rosendo, e así cada ano, polo primeiro de marzo, invitaba cunha circular a celebrar a festa do noso patrón, animou a peregrinar anualmente a Celanova, presidindo persoalmente a romaxe diocesana que se facía, xeralmente a mediados de xullo³. Dedicou a primeira parroquia na diocese o noso patrón na cidade de Ferrol⁴ e, cando trasladou o seminario maior a Salamanca, púxoo baixo a advocación de San Rosendo. Por outra parte, fundou o «Patronato de Viviendas de San Rosendo Obispo», que construiu 200 vivendas coa igrexa parroquial, na Gándara (Ferrol). Todo isto fixo que o nome de san Rosendo sonara con forza na diocese. El mesmo nos da algúns trazos deste interese pastoral:

Todas estas circunstancias acrecieron la devoción y piadosa curiosidad hacia el gran Obispo y fundador de Celanova, San Rosendo. Y me sugirieron la idea de iniciar anuales y piadosas romerías al Monasterio de San Salvador de Celanova. No hubiera podido realizar esto si no contase con ayudas indispensables, con el calor de un pueblo y con la tenacidad de un amigo, canónigo de Mondoñedo, a quien San Rosendo devolvió, así lo creemos casi milagrosamente la salud perdida⁵.



En estas circunstancias, el trece de abril de 1.960 dirigí a la Diócesis una breve carta Pastoral. De ella tomo algunas ideas:

“Hace tiempo, decía, que acariciamos un deseo, el de realizar una piadosa peregrinación al Monasterio de Celanova. sepulcro de nuestro Patrono San Rosendo, glorioso antecesor nuestro en esta Silla Episcopal e intercesor validísimo de la Diócesis en el Cielo”.

La peregrinación a Celanova se celebró el domingo, trece, de julio. La peregrinación se celebró con felicidad y fuimos unos 125 peregrinos. Conocimos a un pueblo, Celanova, cordial y en extremo, acogedor, guardador amoroso del cuerpo de San Rosendo. Celanova nos dispensó un recibimiento cariñoso. Todos se ingeniaron por hacernos grata nuestra estancia. Desde el primer contacto se estableció entre Celanova y Mondoñedo, al fin hijos del mismo padre, una sincera amistad basada en viejo parentesco.

Así fue la primera peregrinación a Celanova en, 1960. Otras se fueron sucediendo normalmente en los años siguientes y culminaron estas peregrinaciones con la “devolución de la visita” que San Rosendo hizo a Mondoñedo. Después de mil años de ausencia, venía a su diócesis con motivo de la restauración de la Catedral de Mondoñedo⁶.

Este acontecimiento foi presidido polo Nuncio Apostólico en España. A visita das reliquias de San Rosendo a Mondoñedo tivo lugar o día 18 de setembro do ano 1966. Foi unha data inesquecible en Mondoñedo. Neste día fíxose a reapertura da Catedral despois da súa restauración para adaptala ás necesidades litúrxicas xurdidas do concilio Vaticano II. Onde se mostra, unha vez máis o seu interese por aplicar o Concilio na súa diocese. Tal solemnidade contou con gran xentío de toda a diocese e un bo fato de autoridades que asistiron a tan significativo acto. Déronse cita autoridades civís, militares, provinciais, do departamento marítimo, municipais, así como persoeiros do mundo social e cultural, vencellados, dalgún xeito, á Igrexa Mindoniense.

As autoridades eclesiásticas estaban presididas polo Nuncio da S. S. En España, Mons. Antonio Riberi, a quen acompañaban o arcebispo primaz de Braga e os bispos de Ourense, Tui-Vigo, Palencia e Lugo. Ó acto engadiuse o Cabido Catedralicio e unha representación dos arciprestes e párrocos da diocese para concelebrar, por primeira vez, a Eucaristía na catedral recién restaurada.

Como non podía ser menos, ese foi o día en que chegou a urna cos restos de San Rosendo a Mondoñedo. A solemne comitiva arribou a praza da Catedral ás once e media da mañá. Desde Celanova acompañaban as reliquias os bispos de Ourense e Tui-Vigo coas autoridades daquela vila, o párroco e un bo número de fregueses.

Na parroquia de Saavedra, límite da diocese mindoniense, foron acollidos os restos sagrados por unha comisión do Cabido catedralicio mindoniense, o axunta-

mento en pleno e diversos grupos e estamentos da cidade episcopal. Desde a parroquia de Gálgao, límite do concello de Mondoñedo, agregáronse un gran número de comisións e grupos de toda a Diocese. Xunto ó santuario da Virxe dos Remedios, patroa da Diocese, foi recibido polo cidade en pleno, tódolos seminaristas mindonienses e numerosos grupos de fieis chegados de toda a Diocese. A arqueta coas reliquias de San Rosendo foi levada enriba dos ombreiros polos seminaristas maiores ata a Catedral, onde situaron a urna nun sitial preto do novo altar maior, levantado no cruceiro da Catedral.

O cariño, e mesmo a emoción, deste acontecemento foi patente desde a chegada das santas reliquias a Mondoñedo ata a súa despedida. Estivo San Rosendo na Sé mindoniense, da que fora bispo un milenio antes, ata as cinco da tarde do domingo 25 de setembro. Estivo presente, física e espiritualmente, en tódolos actos que ó longo desa semana se celebraron con motivo da restauración da Catedral, promovida por Mons. Argaya Goicoechea. Neles interviñeron os Cardeais Fernando Quiroga Palacios, arcebispo de Santiago e D. Benjamín de Arriba y Castro, arcebispo de Tarragona, ámbolos dous antigos sucesores de San Rosendo na Sé Mindoniense.

Unha enervada multitude despediu ó Santo Bispo, que veu visitar á súa grei, como símbolo de que segue o seu pastoreo espiritual sobre esta Igrexa particular e signo de que a fe que el alentou segue viva entre nos. Non merecía menos a visita de tan ilustre pai e mestre da Igrexa mindoniense.

Un grande animador da devoción a San Rosendo, como xa vimos na carta de Mons. Argaya, foi o cóengo mindoniense D. Xosé Lombardero Martínez co que colaboraron, desde o comezo das peregrinacións iniciadas nos anos sesenta a Celanova, os xoves da Acción Católica Mindoniense⁷. Froito do fervor e entusiasmo destas datas en Mondoñedo é unha “carta-invitación” que D. Xosé dirixiu ó clero o día 28 de setembro de 1966. Cualifica a vinda de San Rosendo como unha “visita pastoral” que, desde Celanova a Mondoñedo, foi: “verdaderamente triunfal, produciendo en las almas de sus hijos abundantes frutos de santidad y gracia... Fieles de todos los rincones del obispado han acudido a visitarlo con sumo gozo y edificante fervor. Su paso por esta ciudad episcopal ha dejado huella gratísima e imborrable. La despedida que se la ha tributado, apoteósica; y el retorno a su maravilloso monasterio de Celanova, incomparable”. Remata o cóengo Lombardero proponendo unha nova visita dos restos de San Rosendo a tódalas zonas da Diocese. Pide propostas concretas e anima a non deixar *ad Kalendas graecas* esta oportunidade de gracia que sería que, as reliquias do Santo Patrón, se achegaran á maior parte posible de fieis desta Igrexa Diocesana”.

Son estas razóns mais que sobradas para que fagamos este pequena nota de recordo e agradecemento a Mons. Argaya.

Precisamente neste diario conciliar comenta as súas xestións para buscar en Roma unha reliquia de san Rosendo, que el pensaba se iría parar á igrexa de Santa María in Cosmedin, pola relación que esta Igrexa tivera con Celestino III, Papa que canonizou ó noso Santo en Celanova e en San Xoán de Letrán.

A devoción polo patrón da diocese mindoniense ferrolán conservouna D. Xacinto ata a súa morte, tal como aparece nalgún escrito seu cando era bispo de San Sebastián⁸.

2. Breve achega biográfica

Mons. Argaya nace en Vera de Bidasoa (Navarra) en 1903. «Hoxe cumpro os 60 anos. Son xa, legalmente, un vello» escribe no seu Diario do Concilio, o 28 de novembro de 1963. Na festa de Cristo Rei, o 25 de outubro de 1952, recibe a ordenación episcopal na catedral de Valencia de mans do arcebispo Marcelino Olaechea. Tamén nesta mesma festividade, en 1957, fai a súa entrada como bispo na diocese de Mondoñedo. «O arcebispo de Valencia, Mons. Olaechea, e eu celebramos conxuntamente os aniversarios da consagración episcopal. Tiven a sorte de colaborar, xunto a el, desde o ano 1940, en que me sacou da parroquia de Carcastillo, para facerme primeiro párroco da nova parroquia de San Francisco Xabier de Pamplona. Despois fíxome reitor daquel Seminario. Máis tarde, vicario xeral seu en Valencia, e por último o seu bispo auxiliar» (escribe o 25 de outubro de 1964). Todo o Diario do Concilio dá fe da relación filial que unía a don Xacinto con Mons. Olaechea. Nos catro anos que durou o Concilio Vaticano II, Xacinto Argaya é, pois, bispo de Mondoñedo. O seu Diario ofrécenos unha rica información da súa actividade e dos numerosos proxectos pastorais que alimentaba para a súa diocese. Máis tarde, en 1968, será nomeado terceiro bispo de San Sebastián, de cuxa diocese será pastor ata a idade do seu retiro, en 1979. Nos últimos anos don Xacinto retirouse a Valencia onde faleceu o 12 de marzo de 1993, ós 89 anos de idade.

3. Mons. Argaya, bispo conciliar

Sen dúbida algunha que, neste *Diario*, deixounos o retrato dun bispo plenamente conciliar ó xeito do Vaticano II. Vive con paixón e ardor apostólico a busca que os Pais Conciliares fan acerca do modo máis adecuado de presentar a mensaxe evanxélica ós homes de hoxe. Móstrase como un home aberto que, xa antes do inicio do Concilio, expón con ilusión os temas e as necesidades dunha Igrexa avellentada en tantos aspectos⁹.

A publicación deste Diario, obra de Xabier Basurko e Xosé M^a Zunzunegui, sacerdotes e profesores na diocese de San Sebastián son do máis oportuno. Entre outras razóns, o pasado 25 de xaneiro cumpriuse o cincuentenario do anuncio do


Concilio Vaticano II polo Papa Xoán XXIII. Aquel Concilio Ecuménico supuxo un pentecostes para a Igrexa Católica. Cun aire renovador, pero fiel á tradición, Xoán XXIII, recén escollido para a Sede de Pedro, abriu a Igrexa para que entrase aire fresco en todos os recunchos e estados da mesma. Este gran acontecemento da Igrexa inaugurado en outubro de 1962 polo Papa Xoán XXIII, foi clausurado pola súa Santidade Paulo VI o 8 de decembro de 1965.

O Concilio Vaticano II foi unha posta o día da Igrexa co fin de promover o desenvolvemento da fe. Nel tratáronse con seriedade problemáticas actuais e antigas para acadar unha renovación moral da vida das fieis adaptándoa ás necesidades dos novos tempos sen abandonar a Tradición. Tanto os dous Romanos Pontífices que interviñeron como os Pais Conciliares souberon conxugar o espírito de renovación co significado e a herdanza da Tradición. Deste modo, aínda hoxe, o Concilio Vaticano II é o punto de referencia en todos os aspectos da vida cristiá e a súa presenza no medio do mundo.

Mons. Argaya sentiu e viviu este proxecto como seu, tanto na súa vida persoal como no seu afán por facelo realidade na súa Diocese e na igrexa Galega en xeral.

O *Diario* abarca as catro etapas, as 168 Congregacións Xerais e mesmo, día a día, as xornadas das catro sesións do Concilio, con todas as incidencias que o bispo puido captar no desenrolo da asemblea conciliar, ás que o bispo asistiu puntualmente sen faltar a unha. Móstrase como un fino observador e vese que tiña un grande interese por conectar coa liña mais aberta dos Pais que interviñan na asemblea conciliar. Os editores van poñendo a pe de páxina as coincidencias de Mons. Argaya con outras memorias existentes sobre o quefacer diario do Concilio, como as do P. M. D. Chenu¹⁰, o P. Congar¹¹ e D. Xesús Iribarren¹². A coincidencia en moitos enfoques co P. Congar faise evidente. A verdade é que tivo moito interese en conectar con bispos de outras nacións, especialmente co episcopado francés, onde contaba con bos amigos. Non houbo tema que non vivise con paixón e, el mesmo, interveu nas catro sesións do concilio con achegas puntuais seriamente preparadas. En xeral da unha imaxe moito mais aberta e comprometida co Concilio que a maioría do episcopado español. Cousa da que Mons. Argaya se da conta e deixa caer unha visión bastante negativa do episcopado español en xeral, e dalgún bispo en particular.

Tamén se mostra teimudo, o noso bispo, en recoller os materiais referentes a todos os esquemas conciliares e, incluso, todo tipo de propostas e papeis que circulaban por Roma. Tal documentación, debidamente encadernada, atópase actualmente na biblioteca do seminario diocesano de San Sebastián. Algúns destes documentos son de verdadeiro interese para a diocese mindoniense, xa que D. Xacinto foi ás catro sesións conciliares como bispo desta Igrexa Particular, e alí se conserva a correspondencia e outros asuntos relativos a vida da nosa diocese.



A publicación destas memorias non vai pasar desapercibida polo seu valor de testemuña directo dos acontecementos e, ó mesmo tempo, pola lectura contextualizada e a hermenéutica que fai da situación da Igrexa en xeral e do papel representado polos bispos españois na aula conciliar¹³.

El mesmo sintetiza moi ben a razón de ser destas memorias: “Lo que en Concilio vi, oí y viví, es lo que con fidelidad transcribo en estas memorias, sin otro objetivo que el de servir a la Iglesia con entero amor”.

NOTAS

- ¹ *Boletín Oficial del Obispado de Mondoñedo-Ferrol*, CVIII/9-10, 1968, pp. 153-154.
- ² Cf., A. García y García, “La canonización de San Rosendo de Dumio”, en *Estudios sobre la canonística portuguesa medieval*, Madrid 1976, pp. 157-170.
- ³ Vid, por exemplo, a Circular do 20 de febreiro de 1963, en *Boletín Oficial del Obispado de Mondoñedo-Ferrol*, CVIII/3, p. 73.
- ⁴ O bispo Mons. Argaya da a noticia da creación desta parroquia con un gran complexo parroquial no *Boletín Oficial del Obispado de Mondoñedo-Ferrol*, CVI/10, 1966, pp. 615-616; o Decreto da erección canónica da mesma está datado o 19 de Marzo de 1968 en *Ibid.*, CVIII/4, 1968, p. 68.
- ⁵ Este coengo foi D. Xosé Lombardero Martínez (q.e.p.d.) que mantivo acesa perante anos a chama da devoción a San Rosendo na diocese de Mondoñedo-Ferrol, coordinado con “Ángel” gran devoto e promotor da figura de san Rosendo en Ourense.
- ⁶ *Boletín del Obispado de Mondoñedo-Ferrol*, 12, 1977, pp. 691-692.
- ⁷ De tales eventos temos unha crónica detallada no *Boletín oficial del Obispado de Mondoñedo-Ferrol*, CVI/10, 1966, pp. 589-608., tomada dunha crónica que fixera Xosé Traperero Pardo no xornal de Lugo *El Progreso*.
- ⁸ Cf. Archivo Diocesano de Mondoñedo, Carpeta *Peregrinaciones a Celanova*, donde se conserva a correspondencia do bispo Argaya, e outras persoas relacionadas coas peregrinacións anuais da Diocese. Tamén existe algunha carta de D. Ángel Martínez Vázquez, ourensán que vivía na calle do Xeral Franco,105, que foi gran devoto de San Rosendo e colaborador de D. Xosé Lombardero.
- ⁹ Cf. *Boletín Oficial del Obispado de Mondoñedo-Ferrol*, 12, 19966, pp. 616-617.
- ¹⁰ Cf. J. Argaya Goicoechea, “En el milenario de San Rosendo”, en *Boletín Oficial del Obispado de Mondoñedo-Ferrol*, 12, 1977, pp. 690-693.
- ¹¹ O seu sucesor na sede mindoniense mostrounos os intereses de D. Xacinto ó recibir a enquisa sobre os temas a estudar no concilio. Cf. M. A. Araújo Iglesias, “Aportacións de Mons. Xacinto Argaya Goicoechea, bispo de Mondoñedo-Ferrol (1957-1968) á

comisión antepreparatoria do concilio vaticano II”, en *Estudios Mindonienses* 12, 1996, pp. 595-601.

¹² Cf. M. D. Chenu, *Notes quotidiennes au Concile*, Cerf, Paris 1995.

¹³ Cf. Y. M. Congar, *Mon Journal du Concile*, 1-4, Cerf, Paris 2002.

¹⁴ Cf. J. Iribarren, *Papeles y memorias. Medio siglo de relaciones Iglesia-Estado en España (1936-1986)*, BAC, Madrid 1992.

¹⁵ Boa proba do que acabamos de decir témola no traballo de S. Casas Rabasa, “La actuación del episcopado español en el Concilio Vaticano II en los recuerdos de Jacinto Argaya, obispo de Mondoñedo-Ferrol”, en *Cristianesimo nella storia*, XXVIII/3, 2007, pp. 635-662.

